

ACTA da XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN

DATOS DA PERSOA QUE CERTIFICA

Nome: ROBERTO	1.º apelido: AMARELLE	2.º apelido: GARABÁN	NIF: 44838951Z
Federación: F. GALEGA DE ORIENTACIÓN (FEGADO)	Cargo: SECRETARIO		

LUGAR, DATA E HORA DA CONVOCATORIA:

Lugar:	https://acortar.link/PqZdOQ		
Data:	26/01/2026	Hora:	21:30 h

PERSOAS ASISTENTES

Nome e apelidos	Cargo	Club	Asiste	Non asiste
Sonia Gómez Naya	Presidenta	Compás	X	
Claudia Oreiro Chapela	Vicepresidenta	Gallaecia	X	
Roberto Amarelle Garabán	Secretario	Compás	X	
Javier Antón Clemente	Tesoureiro	Arnela		X
Teresa Bellón Santos	Responsable O-pé	Aromon	X	
Alicia Pérez Alonso	Responsable MTBO	Raza Palleira	X	
Adrián Pérez Alonso	Responsable Raids	Raza Palleira	X	
Pelayo García Acevedo	Responsable Trail-O	Aromon	X	
Jorge Piñeiro Portela	Responsable Direc. Técnica	Ártabros	X	
María Piñeiro Varela	Responsable de Comunic.	Ártabros	X	

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior (01-12-2025)

Apróbase por unanimidade a acta da Xunta directiva anterior celebrada o día 01/12/2025.

2. Obrigacións Xunta

Informa a Presidenta que a SXD enviou un email ás federacións para que en todos os Campionatos Galegos e de España que se realicen na nosa comunidade se ten que invitar á entrega de trofeos á Xunta de Galicia a través dun email habilitado para o efecto. Indica a Presidenta que dará traslado deste correo aos diferentes clubs para que os clubs que organicen ditas probas fagan chegar esa información á SXD. Trátase dunha obriga que figura dentro da cláusula 4.4.2 do convenio asinado entre a Federación e a SXD.

3. Equipacións

Intervén a Presidenta para indicar que xa se fixo o pago das camisetas de tirantes para o CEO. Ademais tamén se intentará coller unha equipación enteira tipo pantalón longo ou pantalón curto para ter unha uniformidade completa. Claudia lembra que está pendente de xestionar o agasallo dunha prenda de roupa (camiseta) aos tres primeiros postos de cada categoría do ranking 2025.

4. CEO

Continúa a presidenta para lembrar que existen dous CEO, un moi próximo que é o de sprint. Como en todos os anos a Fegado farase cargo das inscricións dos seleccionados e tamén da roupa de aquelas persoas corredoras que aínda non teñan a uniformidade. Toma a palabra o Director Técnico da Federación para indicar a necesidade de publicar os criterios de selección para as diferentes especialidades.

5. Campus de adestramento selección de MTBO (Portugal)

Intervén a Presidenta para indicar que a Selección Portuguesa de MTBO a través de Marques convidou aos

corredores e corredoras da Selección de MTBO de Galicia vaian a Portugal a preparar os Campionatos Europeos. Os adestramentos son 28, 29, 30, 31 de marzo e 1 de abril de 2026. Engade que este convite foi posto en coñecemento da Fedo. O Director técnico considera que este adestramento pode ser considerada como unha Concentración de tecnificación.

6. Lei de Protección de datos

Intervén a Vicepresidenta da Fegado para indicar que é preciso actualizar o formulario de protección de datos persoais. Os formularios que existen a día de hoxe xa non son válidos. Todos os clubs e as persoas federadas deste ano teñen que cumprimentar o novo formulario da Lei de Protección de datos. A día de hoxe existen 519 licencias de persoas federadas.

7. Rogos e preguntas

Dentro deste apartado a Presidenta indica que polo momento non se vai mercar material de Trail-O xa que segundo lle indicaron dende a Fedo este material que é caro está dando bastantes fallos polo que se vai esperar ata que se solventen eses fallos.

Por outro lado a Presidenta indica que na data de hoxe recibíuse un email coas instrucións para a Elección a membros da Asamblea Xeral, Presidente e Comisión delegada da Federación Galega de Orientación que se teñen que celebrar este ano.

Intervén María, Claudia e Teresa para amosar a súa disconformidade coa data adiada das probas do curso de adestrador de nivel I do 21 de febreiro ao 14 de marzo.

E sen máis asuntos que tratar, a Presidenta da Federación Galega de Orientación (FEGADO) dá por finalizada esta sesión da Xunta Directiva, sendo as 23:00 horas do día antes indicado do que, como secretario, dou fe e asino dixitalmente o presente documento.